


O MAGO TETO

PRESENTA:

ÍNTIMO



A VIAXE DA MIÑA VIDA



COPRODUCEN:

(RTA) servizo
integral
artes
escénicas

MAGO TETO

www.magoteto.com

COLABORA:


CONCELLO DE
SANTIAGO



“A miña vida foi un constante viaxar, e eu agora, vouvos contar a viaxe da miña vida.”

Ao recoñecido prestixio do Mago Teto como artista únese agora a aportación técnica de RTA tentado crear un espectáculo de Maxia coa espectacularidade dos audiovisuais e todo isto baixo a dirección e a dramaturxia de Eduardo Alonso.



“Íntimo” é unha viaxe, seguramente iniciática, na procura da esencia da maxia. Alguén moi especial puxo no corazón do mago Teto, cando era un cativo, a semente da maxia, e a partir dese momento medrou nel un soño. O soño de ser mago. Para conseguir cumprir ese soño, o mago Teto tivo que estudar, preparase, ensaiar e esforzarse moito, pero tamén tivo que viaxar. Viaxar polos lugares onde a historia da maxia foi deixando partes da súa esencia: Viena, París, Londres, Nova Delhi ou Compostela. En cada lugar onde o mago vai, descobre algo da esencia da maxia, pero non todo. Deberá seguir buscando para facerse co máis esencial da maxia de todos os tempos. Pero, ¿onde estará agora esa esencia? Se cadra na música, a música é máxica, ou na pintura, ou, tal vez, na literatura. Algún grande escritor foi tamén mago como Lewis Carroll. Mais, se cadra, neste século XXI, a esencia da maxia estea realmente na ciencia: na transformación da materia, na fusión ou na fisión nuclear, no Universo, ou, se cadra, nas matemáticas: “a linguaxe do Universo”, segundo Galileo Galilei. Como afirmaban os sabios antigos, os elementos que compoñen a natureza son catro, se cadra realmente son cinco: auga, terra, aire, lume e maxia. O quinto elemento. Aínda que pode ser que a esencia da maxia estea nas cousas máis pequenas que nos rodean, o que pasa é que non o sabemos ver. ¿Atopará o mago Teto a esencia da maxia? Para sabelo haberá que acompañalo na súa viaxe.

Eduardo Alonso



“E vin o máis fermoso xogo de maxia que os meus ollos viran nunca.”

O EQUIPO

Dúas entidades de recoñecido prestixio e solvencia, dentro do mesmo sector pero con actividades claramente diferenciadas, únense para formar o equipo perfecto para unha produción de artes escénicas. Recaendo sobre unha o peso artístico da produción e sobre outra o técnico.

Recursos Técnicos Artísticos

Recursos Técnicos Artísticos S.L. é unha empresa creada en 2003 coa intención de dar todo tipo de servizos técnicos a compañías, produtoras de teatro e artes escénicas na comunidade Galega.

A intención da empresa é facilitar todos os servizos que o cliente precisa para producir un espectáculo e con isto involucrarse na produción artística e non só dar un servizo técnico.

Mago Teto (1977-Viana do Bolo-Galicia)

O Mago Teto é un dos magos máis veteranos e relevantes a pesar da súa xuventude. Habitual na televisión desde os seus comezos, goza de gran popularidade e recoñecemento. Ademais, falamos dun mago con espectáculos de rúa (como O Afiador) ou de gran formato para teatros (A Maxia da Santa Compañía e) e todo terreos como o seus clásicos 'Tolemaxias' e "Perto de Ti".

Teto é un dos perfís máis completos e orixinais da maxia polo seu humor, personalidade e nivel técnico.



“É na ciencia onde realmente está a imaxinación do século XXI”

FICHA ARTÍSTICA

AUTOR: Eduardo Alonso

DIRECCIÓN: Eduardo Alonso

ESCENOGRAFÍA: RTA

DESEÑO ILUMINACIÓN: RTA

DESEÑO SON: RTA

MÚSICA: Héctor Guerra

CONTIDOS VIDEO: Héctor Guerra

MONTAXE VIDEO: RTA

DESEÑO GRÁFICO: KHOS

FOTOGRAFÍA: Pablo Pradoss

ELENCO ARTÍSTICO:

Mago Teto


Jorge Prieto

O trasno Perello

PRODUCCIÓN: O mago Teto e RTA

TÉCNICA TEATRAL : Maxia

PÚBLICO : a partir de 7 anos



CONTACTO

- **Departamento Comercial:**

Héctor Guerra

Tf: 607 384 027

E-mail: maxia@magoteto.com

- **Departamento Técnico:**

Miguel Soto

Tf: 629 857 165

E-mail: administración.rta@mundo-r.com



